


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

2-3 de decembro do 2023


I DE ADVENTO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 38** *Que veña Deus á nosa terra*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en parroquia a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa celebración de hoxe comeza coa expresión dun desexo: “*Que veña Deus á nosa terra*”.

Comezamos o tempo do Advento, que é un tempo para prepararnos para o encontro con Deus.

Para chegar ao Nadal deste ano 2023-2024 imos ter que tecer unhas actitudes fundamentais para a vida. Ten isto moito que ver coa situación que se vive en Palestina e Israel. Está claro que hai que tecer mellor as cousas para que a VIDA naza no medio de nós.

Temos neste taboleiro a imaxe de María tecendo para dar acubillo ao seu fillo cando o teña nas súas mans. É a nai que tece vida para que o seu Fillo se faga á nosa beira e poida sentir o noso agarimo.

Cada semana do advento temos que descubrir con que fíos vale a pena tecer a VIDA.

ACENDIDO DA COROA DO ADVENTO

Monitor/a: *A coroa do advento vai marcar nas vindeiras semanas o ritmo do noso agardar ao Señor. Pouco a pouco imos ir atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais.*

CANTO 🎵 *Que veña a luz ...*

Alguén se achega á coroa do advento

Hoxe queremos luz, a luz dos que se esforzan e están atentos á hora de facer comunidade nos Cotos, a luz dos que queren medrar á hora de ser unha familia, a luz dos que se poñen en pé á hora de botar unha man na casa, na escola, na catequese, no traballo, nas celebracións do domingo, e en tantas e tantas cousas.

E acéndese unha das velas da coroa, mentres se canta

CANTO 🎵 *Que medre a luz ...*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos esta primeira parte da celebración presentando a Deus as nosas preocupacións e hoxe pedimos dun xeito especial polas mulleres que están embarazadas.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, concédenos a todos nós, a vontade de camiñar ao encontro do Xesús, que está para vir, para que merezamos ser chamados a entrar no teu Reino. Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Hoxe estreamos o leccionario que nos vai acompañar todas as semanas durante un ano. Nel imos atoparnos cun Deus que se nos achega e nos fala ao oído e ao corazón. A súa Palabra precisa de que esteamos sempre atentos.*

Na primeira lectura que hoxe imos proclamar o apóstolo Paulo amosa un fondo e sincero desexo de paz en Xesús.

No evanxeo Xesús insiste en que esteamos a espreita e atentos. Vixiemos para que a VIDA non nos pille durmidos. Esteamos espertos á Palabra que agora escoitamos.

Leccionario II B páx 4

1 Cor 1, 3-9

LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO AOS CORINTIOS

Irmáns e irmás:

Desexámosvos graza e paz de parte de Deus, noso Pai, e do Señor Cristo.

Non paro de lle dar grazas a Deus por vós, pola graza de Deus que se vos deu por medio de Cristo Xesús. Porque por medio del quedastes ricos en todo, nos dons da palabra e do coñecemento: e así confirmouse solidamente entre vós o testemuño en favor de Cristo. De xeito que non carecedes de ningún don, mentres agardades a revelación do Noso Señor Xesús Cristo. El é quen vos manterá firmes deica á fin, para que ninguén vos poida acusar de nada no día do Noso Señor Xesús Cristo. Deus é fiel e foi El quen vos chamou á comunidade do seu Fillo Xesús Cristo, noso Señor.

Palabra do Señor

🎵 n° 7 *Andarei na presenza do Señor* SALMO

(en pé) *No Leccio I A páx 5* Mc 13, 33-37 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos: Estade á espreita e atentos, que non sabedes cando será o momento.

É coma un home que foi ao estranxeiro, deixando a casa e maila facenda nas mans dos seus criados, encargándolles a cada un o que tiña que facer; e ao porteiro ordenoulle que velase.

Vixiade vós, polo tanto, pois non sabedes cando chegará o amo da casa: se á tardiña ou con noite cerrada, se co canto do galo ou no amencer. Non vaia ser que chegue de repente, e vos atope durmindo. E o que vos digo e vós, tamén llelo digo a todos: ¡Estade en vela!..

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

Reflexión a xeito de homilía




Este camiño de advento que hoxe iniciamos convidanos a **TECER VIDA** cos fíos que temos nas nosas mans achegándonos ao **NADAL**.

* O que agora imos facer é descubrir con que fío se espera que nós vaiamos tecendo a vida.

(arrincamos o novelo do 1º do advento e enganchámolo no espazo que temos no debuxo no que María está tecendo).

É camiño ao Nadal **TECER CON PAZ**



Na carta aos corintios o apóstolo Paulo deséxanos PAZ.

No evanxeo Xesús conta unha parábola para amosar que sempre é momento de PAZ.

Esta primeira semana do advento amósanos a necesidade de estar sempre atentos e dispostos a tecer cos fíos da PAZ. Hoxe eses fíos queremos achegar a Palestina e Israel, e a tantos e tantos pobos que viven con medo pola vida.

Tamén eses fíos os necesitamos nas nosas relacións familiares, de parroquia, de Os Cotos, de Igrexa.

HOXE TOCA TECER COS FÍOS DA PAZ PARA DAR ACUBILLO Á VIDA QUE NO NADAL VAI NACER EN NÓS.

Tecemos paz cando non calamos a violencia de xénero.

Tecemos paz cando nos preocupa o rural.

Tecemos paz cando poñemos medios para reciclar, reutilizar e reducir o consumo de plástico.

Tecemos paz cando nos esforzamos por participar da fe, xa sexa nas eucaristías ou nas celebracións da palabra.

É camiño ao Nadal **TECER CON PAZ**

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, sabendo que Ti, Señor, es Deus de paz e ves ao noso encontro, queremos hoxe facelo mellor tecendo vida cos fíos dos nosos feitos, e así dar acubillo a quen no Nadal nace á nosa beira. Dicimos:

♪ **Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Monitor/a:

Crede en Deus, Pai e Nai

que nos enche do seu amor cando quere que o seu Fillo comparta a nosa vida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede en Xesús Cristo,

que se achega a todos nós convidándonos a atender aos demais no camiño da tenrura?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede no Espírito Santo,

que alenta a abrir os ollos e dar unha man de paz acollendo a quen todo o mundo deixa de lado por pensar, vivir ou crer diferente?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede na Igrexa,

comunidade que queremos tecer nestas semanas a vida que nos achega e nos prepara para o Nadal?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos ao Señor, noso Deus, tecendo a vida cos fíos da paz para facer un mundo mellor para todos. Oremos dicindo:*

Queremos tecer paz na vida, Señor

Monitor/a

✓ Por nós e por quen comparte a nosa esperanza, para que cando o Señor veña, atope nas nosas mans un fogar de acubillo e agarimo. Oremos

✓ Polos gobernos: para que, cos fíos da paz procuren o ben común, defendan os dereitos de toda a xente, e axuden a erguer as vidas máis esquecidas. Oremos

✓ Polas xentes que teñen mermadas as condicións de dignidade da súa vida, para que cheguen a atopar á súa beira a paz do Señor que se achega a todos. Oremos

✓ Polas nosas comunidades parroquiais, para que camiñemos cara o Nadal tecendo paz á beira de Palestina e Israel. Oremos

✓ Polas persoas que se cren que o único que importa é o seu, e viran as costas aos demais tecendo só a vida que lles ocupa para o seu propio proveito. Oremos

Celebrante: *Grazas Pai pola man de vida que nos das no teu Fillo Xesús, a quen queremos acoller no acubillo do noso tecer. Ti que vives e reinas por sempre eternamente.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Deus está cerca, Deus está na nai que espera un fillo e está no pai que dá un colo; está na muller que espera paz e non violencia; está en quen sementa caridade e non egoísmo; está en quen coida de quen non se vale por si só. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos queremos tecer cos fíos da paz. Recemos confiados:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *As nosas mans abertas falan de estar atentos, falan de ofrecer o mellor aos demais, falan de estar vixiantes coas vidas esquecidas. Que o Deus da paz nos alente a tecer agarimo camiño ao Nadal.*

🎵 **nº 36 Fagámola paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *A mesa do altar é a mesa do compartir todo o que Deus nos agasalla, é o sabernos vixiantes e atentos para facerlle un sitio ao que nos nace no Nadal. Ditosos nós por sermos invitados a compartir coma irmáns este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **Que medre a paz (ben, amor, fe, ...)**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, Noso Pai,
queremos que frutifique en nós esta celebración
pois Ti vasnos ensinando xa nesta vida
a descubrimos o valor dos bens eternos
e a poñermos neles o noso corazón.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas
por sempre eternamente. Amén

*A nosa celebración de advento é esperanza naquel que
no Nadal ven ao noso encontro.*

*A nosa celebración de advento é tecer cos nosos fíos
da paz, para compartir a fe cos nosos irmáns facendo
camiño ao Nadal.*

*A nosa celebración ten que ser tamén unha man para
vivir como verdadeiros cristiáns no medio da nosa
sociedade. Por iso cada quen pode levar o fío de hoxe e
ao longo da semana*

TECER CON PAZ

(Repartimos os FÍOS para levalos para a casa)

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*



*O fío que se espera de nós
para tecer un BO NADAL*